



UNIVERSIDADE
DE VIGO

ASISTENTES:

Alba Castro, José Luís
Alberte Pivida, Rodrigo
Allegue Agüete, Pilar
Alonso Vega, María Flora
Álvarez Moreira, José Angel
Álvarez Zurbano, Jenifer
Andrés Iglesias, Jesús
Arévalo Tomé, Raquel
Arias González, Felipe
Baltrusch, Burghard
Barreiro Alonso, Enrique
Basalo Domínguez, David
Bergantiño Cid, Gustavo
Blanco Losada, Iago
Boente Antela, Brais
Bravo Bernárdez, Jorge
Bueno Alonso, Jorge Luis
Caballero Rúa, Armando
Carballo González, M^a De Los Ángeles
Carballo Rial, Rosa
Casares Penelas, José Carlos
Castro Cerceda, M^a Luisa
Cebro Rodríguez, Xoán Manuel
Cid Fernández, Xosé Manuel
Conde Casas, Sofía
Corbacho Valencia, Juan Manuel
Costa González, Alicia
Couñago Méndez, Práxedes
Cristobal Ortega, M^a Julia
Cuevas Alonso, Miguel
Cuiñas Gómez, Íñigo
De Oca Cancela, Guillermo
Díaz Casaleiro, Tomás
Diéguez Quintas, José Luis
Falagán Mota, Jorge
Fariña Rodríguez, José
Fernández Acevedo, Rafael
Fernández Fernández, Federico A.
Fernández Fustes, M^a Dolores
Fernández Iglesias, Manuel José
Fernández Jauregui, Manuel
Fernández Otero, Antonio
Fernández Pintelos, María José
Fernández Souto, Ana Belén
Ferreiro Vázquez, Óscar
Ferro Soto, Carlos
Fraiz Brea, José Antonio
Gándara Pérez, José Antonio
García Bugarín, Mercedes
García Estévez, José Manuel
García González, Marta
García González, Silvia
García Sánchez, Manuel
García Señorán, M^a Del Mar
García Soidán, José Luís
García-Pintos Escuder, Adela
González Cerdeira, Julia
González Dopazo, Lois
González Santamaría, Pedro
González Varela, Luís
Graña Rodríguez, Ana María
Gutiérrez Sánchez, Águeda
Hernández Sánchez, Jesús
Hidalgo Robatto, Bettiana Marcela
Iglesias Blanco, Raúl
Iglesias Briones, María Jesús
Llamas Nistal, Martín
López Lago, Marcos
López Pérez, Luís
López Riveiro, Fernando
López Rubianes, Lucrecia M^a
López Sánchez, Óscar
Loveira Pazó, Rosa M^a
Lugo Latas, Luís
Martínez Martín, M^a José
Mato De La Iglesia, Salustiano
Míguez Miramontes, Jesús Manuel
Moldes Pita, Oscar

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo do día 12 de decembro de dous mil dezaseis, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda no paraninfo da Reitoría do Campus de Vigo.

Ás 10:40 h do día **12 de decembro de 2016** deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 6 de maio de 2016.
2. Informe anual do reitor en cumprimento do artigo 60.a dos Estatutos da Universidade de Vigo.
3. Informe sobre as Liñas xerais de política orzamentaria-2017.
4. Informe do presidente do Tribunal de Garantías sobre o ano 2015.
5. Informe da Normativa de permanencia e progreso do estudantado das titulacións oficiais de grao e máster universitario da UVigo.
6. Informe da modificación do Departamento de Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos pola incorporación da área de coñecemento de Enxeñaría Aeroespacial.
7. Elección dos seguintes postos no Tribunal de Garantías:
 - a. Sector PDI-B: 2
 - b. Sector Estudiantes: 1
8. Elección de 1 representante do alumnado na Comisión Electoral.
9. Elección de 1 representante do alumnado na Comisión Encargada da Modificación dos Estatutos. ⁽²⁾
10. Elección dos seguintes representantes do Consello de Goberno:
 - a. Sector PDI-A: 1
 - b. Sector Dec/Dir: 3
 - c. Sector Estudiantes: 1
11. Elección dos seguintes representantes da Comisión de Plans Estratéxicos:
 - a. Sector PDI-A: 1
12. Rogos e preguntas.

Mollinedo Lois, Carlos
 Novoa Fernández, Yolanda
 Nóvoa Rodríguez, Xosé Ramón
 Pardo Froján, Juan E.
 Patiño Vilas, David
 Pato Rodríguez Santiago Eduardo
 Paz López, José
 Paz Penín, Concepción
 Pena Uris, Gloria M.
 Peña Gallego, Ángeles
 Pérez Cota, Manuel
 Pérez Gómez, Luís
 Pérez Juste, Ignacio
 Pérez Rodríguez, M^a Rosa
 Picos Martín, Juan
 Pino García, Antonio
 Porteiro Fresco, Jacobo
 Porto Porto, Benjamín
 Posada González, David
 Pou Saracho, Juan María
 Quintáns Graña, Camilo
 Ramallo Fernández, Fernando
 Reigosa Roger, Manuel Joaquín
 Rey Losada, Francisco Jesús
 Rivera González, Paula
 Rodríguez Barcia, Susana
 Rodríguez De Prado, Francisco
 Rodríguez Varela, Diego
 Rodríguez Vázquez, Rosalía
 Rodríguez Vázquez, Virgilio
 Sánchez Moreiras, Adela M.
 Santalla Del Río, Verónica
 Santos Reyes, Valentín
 Silva Alonso, M^a Del Pilar
 Tugores Martorell, Francisco
 Valero Gutiérrez Del Olmo, Enrique
 Vázquez Dorrío, José Benito
 Vázquez Fernández, Roberto
 Vázquez Otero, Elsa
 Vázquez Vicente, Xosé H.
 Vázquez-Rey Farto, Ernesto
 Velasco Graña, M^a Rita
 Vera Isasa, María
 Vila Alonso, Mercedes
 Zulaica Iglesias, Olivia
DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:
 Arias Acuña, Alberto Marcos
 Bajo Palacio, Ignacio
 Barajas Alonso, Ángel
 Blanco Sierra, Javier
 Caamaño Martínez, José Carlos
 de Lorenzo Rodríguez, Edita
 Domínguez Domínguez, Miguel Adolfo
 Doval Avendaño, M^a Montserrat
 Fdez. Manín, Generosa
 Fernández-Riverola, Florentino
 Gil Villanueva, José María
 Gómez Rodríguez, Alma
 Lantarón Caeiro, Eva M^a
 Mandado Vázquez, Alfonso
 Mayobre Rodríguez, Purificación
 Parabela Mouttet, Loreto
 Patiño Cambeiro, Faustino
 Prieto Jiménez, Inmaculada
 Quintás Corredoira, María
 Ríos Santomé, María José
 Rivas Conde, Filemón
 Rodríguez Martínez, Francisco Javier
 Rodríguez Pato, María del Carmen
 Rodríguez Rajo, F. Javier
 Seoane Posse, Elena Celsa
 Sieiro Vázquez, Carmen
 Siota Álvarez, Mónica
 Sobrino Rodríguez, Aurora
 Vaquero Díaz, Beatriz

O reitor dá a benvida aos membros do Claustro e pasa a dar lectura aos nomes dos membros que xustifican a súa ausencia desta sesión, e que se relacionan ao marxe desta acta.

A continuación informa de que é necesario realizar eleccións para cubrir as baixas que se produciron na representación dos sectores de PDI-B e alumnado do Tribunal de Garantías, así como na representación do Consello de Goberno dos sectores decanos/directores, PDI-A e alumnado.

Tamén deben ser elixidos os representantes do alumnado na Comisión Electoral e na Comisión Encargada da Modificación dos Estatutos, pero nestes dous últimos casos non é preciso realizar votacións, xa que o número de candidaturas é menor ou igual que o de vacantes. Pero, engade, si deben levarse a cabo as votacións no resto das eleccións. Explica o reitor que, para facilitar a realización das mesmas, como a Mesa do Claustro, reunida ao inicio da sesión, acordou que o proceso electoral pode comezar dende o comezo da sesión do Claustro, de modo que os claustrais poden proceder a depositar o seu voto ao longo da mesma. Cada claustral deberá acreditar a súa identidade coa tarxeta universitaria, o DNI, ou calquera outro documento acreditativo e depositar o seu voto na urna correspondente a cada proceso. Cando se chegue aos puntos relativos ás eleccións pararemos a sesión 15 minutos para que os membros da Mesa e os claustrais que non votaran o podan facer.

A continuación especifica as eleccións nas que é preciso levar a cabo votacións:

Elección representantes no Tribunal de Garantías:

Explica o reitor que a pesar de que o número de candidaturas non excede ao de postos vacantes, en ambos sectores hai que celebrar eleccións, xa que, segundo o artigo 143.3 dos Estatutos, os candidatos teñen que obter 2/3 dos votos dos claustrais presentes do seu sector.

Sector PDI-B: Hai 2 postos vacantes. Só se presentou a candidatura de Sara M^a Torres Outón. Só poderá votar o profesorado non doutor con vinculación permanente.

Sector alumnado: Hai un posto vacante. Só se presentou a candidatura de Ernesto Vázquez-Rey Farto. Só poderá votar o sector do alumnado.

Elección de representantes no Consello de Goberno:

No sector decanos/directores hai 3 vacantes, e presentáronse 6 candidaturas:

- Jesús Castro Fojo
- Antonio Collazo Fernández
- Consuelo Currás Valle
- Carlos Antonio Ferro Soto
- Susana Reboreda Morillo
- Francisco Javier Rodríguez Martínez

Poden votar todos os claustrais, podendo votar como máximo 2 candidatos ou candidatas.

No sector PDI-A hai 1 vacante. Presentáronse dúas candidaturas:

- Burghard Baltrusch
- Luís Bueno Alonso

Só poden votar os profesores doutores con vinculación permanente. Pódese votar como máximo a 1 candidato ou candidata.

No sector estudantes hai 1 vacante. Explica o reitor que foron presentadas dúas candidaturas:

- Oscar Moldes Pita.
- José Angel Álvarez Moreira

Ao retirarse esta última candidatura, non é necesario realizar a votación.

Rematada a presentación, o reitor indica que a Mesa acordou que a duración das intervencións sexa de 5 minutos na primeira rolda e 3 minutos na quenda de réplica. Para determinar a letra de ordenación das intervencións realizouse un sorteo, saíndo a letra “Q”.

Finalmente, informa de que foi invitada a participar nesta sesión do Claustro Universitario, con voz pero sen voto, a vicerreitora de Estudantes para que realice a presentación do punto 5 da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 6 de maio de 2016.

Non se presentaron alegacións á acta e non se realiza ningún comentario por parte dos presentes. Apróbase por asentimento.

2. Informe anual do reitor en cumprimento do artigo 60.a dos Estatutos da Universidade de Vigo.

Comeza o reitor expoñendo que ao longo deste curso mantívose a situación parálise e a falta de apoio ás universidades o que obrigou a redobrar esforzos e crear opcións para manter e reter o talento e continuar a senda de eficiencia iniciada. Indica que son moitas as actividades desenvolvidas no curso 2016/2017 e pasa a presentar un resumo das mesmas.

En relación co PDI: salienta que, por primeira vez dende 2012, realizarase a convocatoria de 12 prazas do corpo de Catedráticas/os de Universidade, ademais de 12 prazas de profesorado titular e 9 de profesorado contratado doutor. Insiste o reitor en que a pesar de que a taxa de reposición incrementouse ao 100%, seguirase a loitar pola súa supresión e polo dereito á promoción para que universidades que, como a nosa, son quen de xestionar eficientemente os seus recursos e non incorren en déficit, poidan aplicar ese resultado no capítulo de persoal para recoñecer e premiar o mérito. Por iso, o esforzo sobre o capítulo I segue a ser o principal esforzo deste equipo de goberno. Por elo, ao igual que o ano pasado levouse a cabo a convocatoria de Intensificación Investigadora para o colectivo de profesorado axudante doutor que rematou ou remata o seu contrato durante o curso 2016/17.

En materia académica, sinala o reitor que no ano 2016 renovaron a acreditación un total de 18 títulos de grao e 7 de máster, e xa se está a traballar na acreditación de 15 títulos de grao e 13 máster que pasarán este proceso no presente curso. Realizouse tamén, como todos os anos, o seguimento de todos os títulos de grao e máster da Universidade.

Destaca a especial relevancia que ten o comezo da impartición do novo título grao en Enxeñaría Aeroespacial tras a súa verificación por parte de ACSUG. O centro de nova creación Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, xa foi informado favorablemente polo Consello Galego de Universidades e está unicamente pendente do último trámite no Consello da Xunta de Galicia.

Subliña tamén a obtención da certificación do sistema de garantía de calidade a Escola de Enxeñaría Forestal, co que son xa 9 os centros da Universidade que contan con esta certificación, situándose o que permite situar a Universidade de Vigo entre as de cabeceira do Estado. Dá conta o reitor de que o número

de teses de doutoramento defendidas foi de 245 ata o pasado 30 de novembro, un número algo superior ao dos anos anteriores a 2015, debido a extinción de títulos de doutoramento de normativas anteriores. E salienta tamén que durante o ano 2016 constituíronse 21 grupos de innovación docente e ampliouse a 4 centros o programa de mentorización de estudantes, unha actividade de gran relevancia que comezou na escola de Enxeñaría de Telecomunicación e estase a estender a toda a Universidade.

En relación ao ámbito de Investigación e Transferencia, o reitor dá conta do desenvolvemento do Programa de axudas á investigación da Universidade, convocatoria aprobada no Consello de Goberno de 14 de marzo de 2016, cun importe total orzamentado de 1.523.000 euros, no que se inclúen distintos tipos de axudas, con especial énfase nas destinadas ao persoal investigador en formación. Informa tamén de que foi publicada publicouse a avaliación definitiva da Produción de Investigación e Produción de Transferencia dos méritos do ano 2014, habéndose iniciado o proceso correspondente ao ano 2015.

Destaca de xeito especial o compromiso institucional cos recursos humanos de investigación e o esforzo realizado no desenvolvemento de convocatorias orientadas á retención e captación de persoal investigador. Así, foron aprobadas no CG do 22 de xullo as convocatorias dos Programas de Retención de Talento Investigador da Universidade de Vigo e de Contratación de Persoal Postdoutoral cara á Intensificación Investigadora para o colectivo de profesorado axudante doutor que rematou ou remata o seu contrato durante este curso. Do mesmo xeito, publicouse a Segunda Edición do Programa de Captación de Talento Investigador de Excelencia da Universidade de Vigo e do Programa da Universidade de Vigo para a captación de persoal investigador seleccionado nas convocatorias do Consello Europeo de Investigación (ERC). Reitera o reitor que grazas a estas medidas estamos incorporando talento a Universidade co esforzo propio. Por outra banda, prosegue, no apartado normativo aprobouse no CG 8 de xuño a Normativa da Universidade de Vigo para a Contratación de persoal con cargo a actividades de investigación, Desenvolvemento e Innovación (I+D+i) estando actualmente en fase de desenvolvemento.

Por último, salienta o reitor que continuando coa liña de compromiso na mellora continua, a Universidade de Vigo solicitou recentemente á Comisión Europea o Selo de Excelencia en Recursos Humanos de Investigación, segundo os procedementos establecidos por Euraxess. Este selo recoñece ás institucións de investigación rexen as súas políticas polos criterios da "Carta Europea do Investigador" e o "Código de conduta" no que respecta á contratación e actividade de investigadores e investigadoras. É importante indicar que en España só 4 universidades contan neste momento con este selo. Ao que esperamos unirnos proximamente.

No apartado relativo aos Centros de Apoio á Investigación da Universidade, destaca a consolidación e inicio da plena actividade no novo edificio do Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación (CACTI), así como a ocupación parcial e o inicio da actividade investigadora no Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO) e no Centro de Investigación Tecnolóxico Industrial (MTI). Por outra banda, lembra que o CACTI obtivo a renovación da acreditación ISO 9001, e o Servizo de Bioexperimentación da Universidade de Vigo recibiu a acreditación para experimentación animal.

Continuando o informe relativo á Investigación e Transferencia, pon de manifesto o impulso que se está a realizar da valorización e comercialización dos resultados de investigación. Así, no curso 2015-2016 presentáronse 25 solicitudes de patentes (19 nacionais e 6 internacionais) e 3 rexistros da propiedade intelectual, formalizáronse 8 contratos de licenza e 2 acordos de transferencia de material, e creáronse 3 EBTs.

Outro aspecto de especial relevancia para a estabilidade e eficiencia da Universidade que destaca o reitor son os resultados da captación de recursos externos de I+D+i. Así, no apartado de proxectos logrouse acadar un importe total de 14.217.227 euros, o que supón un incremento dun 44% en relación co ano anterior, a pesar de estar aínda pendente a resolución dalgunha das convocatorias deste ano de proxectos do MINECO e da convocatoria de Consolidación da Xunta de Galicia. Desta cantidade, o 36% correspondeu a convocatorias europeas, o 30% a convocatorias estatais e o 34% restante a convocatorias de ámbito autonómico. En total, obtiveron financiamento 63 proxectos ou accións de investigación (9 europeos, 45 estatais e 9 autonómicos). No que respecta á distribución por ámbitos, destaca especialmente

o ámbito tecnolóxico, con 29 axudas financiadas, seguido do científico (25 axudas), o xurídico-social (6 axudas) e o humanístico (3 axudas).

O reitor destaca de xeito especial o significativo incremento nos ingresos que experimentou o apartado de actividades contratadas de I+D con empresas e institucións que se duplicaron con respecto ao ano pasado, acadándose un total de 7.260.745 euros. Formalizáronse un total de 120 contratos e realizáronse 550 informes e cursos. No que respecta ao reparto por ámbitos, destaca especialmente a contribución do ámbito tecnolóxico, con un 64% das actividades realizadas, seguido do científico (27%), o xurídico-social (8%) e o humanístico (1%). Adicionalmente, no apartado de captación de recursos externos menciona o reitor os ingresos derivados das convocatorias estatais para o financiamento da adquisición de infraestruturas científico-técnicas e de convenios coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Axencia Galega de Innovación, entre outros, os cales aportan ingresos por máis de 3 millóns de euros. En resumo, engade, obtivéronse recursos por cerca de 25 millóns de euros, o que supón un incremento do 32% con respecto aos resultados acadados na mesma época do ano 2015, aínda que os datos definitivos do ano teranse no arredor do mes de marzo de 2017.

O reitor expresa a satisfacción por este incremento na captación de recursos, que se debe principalmente ao esforzo realizado por todos os investigadores e investigadoras e que permiten explicar a fortaleza económica desta Universidade en ausencia do apoio por parte das institucións do redor, xa que, insiste, non hai aposta pública polas universidades.

A continuación o reitor pasa a informar das actividades levadas a cabo dende a Vicerreitoría de Estudantes, no impulso á internacionalización das titulacións, á mobilidade do estudantado, a potenciación da empregabilidade e emprendemento. Reitera novamente que grazas ao esforzo de todos en común, non só se manteñen as axudas existentes, senón que aumentaron a pesar da crise e do descenso das axudas públicas.

Destaca que neste sentido, cada vez se dedica máis esforzo a área de emprego xa que forma parte da nosa responsabilidade social crear un camiño para que os nosos egresados se mergullen de xeito digno e eficaz no medio laboral. Deste xeito, a actividade propia da área de emprego e emprendemento, pódese cifrar en 310 novos convenios de prácticas xestionados no curso 2015-2016, máis 41 na Vicerreitoría de Ourense e 24 na de Pontevedra, xunto coa xestión de numerosas ofertas de emprego, a atención de consultas de asesoramento laboral, entrevistas individualizadas de orientación e o apoio ao programa INCUVI.

Pero ademais, continúa o reitor, como novas iniciativas no ano 2016 leváronse a cabo as seguintes iniciativas e actividades:

- a) Organización da I Feria Internacional de emprego universitario con UPorto e UTAD, que foi celebrada de xeito Virtual en maio-xuño, participando 114 empresas e puntos de información e 2563 participantes, tanto estudantes como titulados. Ao longo dos cinco días inscribíronse 4435 candidaturas a ofertas de emprego e prácticas, e as empresas participantes ofertaron 1324 postos de traballo. De xeito presencial celebrouse en novembro no IFEVI coa participación de 65 empresas e institucións en Vigo e de preto de 5000 asistentes, estudantes e egresados entre Vigo e Porto, presentáronse 6172 curricula a empresas e institucións.
- b) O Forum Emprego organizouse cun novo formato, orientado a preparar ao estudante para a procura activa de emprego na FINDEU. Organizáronse encontros con empresas nos tres campus.
- g) Xornada “traballando en igualdade”: espazo de debate para fomentar unha nova cultura de traballo que impulse as políticas de igualdade nos procesos de orientación educativa e laboral e nos procesos internos da empresa (selección, xestión do talento, políticas de contratación).
- f) Tamén desenvolveuse un Programa propio de formación para a mellora da empregabilidade contando co persoal da propia área (con obradoiros impartidos periodicamente) e tamén levouse a cabo o programa DESTREZAS con fin de complementar a formación do alumnado en competencias transversais (como o traballo en equipo, a oratoria, a xestión do tempo...). Este programa foi organizado coa FUVI, e nel participaron poñentes de diferentes ámbitos profesionais a través de obradoiros eminentemente prácticos e participativos.

g) Neste curso, ampliouse o programa INCUVI-Emprende co lanzamento do INCUVI-Avanza para apoiar un segundo ano aos mellores proxectos emprendedores de anos anteriores.

h) Finalmente, o reitor destaca a Convocatoria e xestión de 10 Bolsas de prácticas transfronteirizas en empresas do norte de Portugal remuneradas con fondos de Eures.

O reitor pasa a informar das iniciativas desenvolvidas na áreas de Linguas da Universidade, destacando a re-acreditación dos exames de nivel de lingua estranxeira, que superaron con éxito unha auditoría externa de calidade e acadaron tamén o recoñecemento da Xunta de Galicia. Fai especial mención ao feito de que a vicerreitora de Estudantes está presidindo o grupo de traballo de Política Lingüística na CRUE e que coordinara a redacción do “Documento Marco de Política Lingüística para la Internacionalización del Sistema Universitario Español”. Este documento xa foi aprobado por unanimidade pola sectorial da CRUE para Internacionalización y Cooperación e nel se propoñen 50 medidas concretas, articuladas en tres liñas de actuación: acreditación, formación e incentivación, sobre as que deseñar unha política lingüística de calidade. Destaca o reitor que este feito demostra que o traballo realizado na UVigo é moi valorado en todo o Estado.

En relación coa actividade desenvolvida na área académica, pola súa relevancia, a redacción da nova Normativa de Permanencia, negociada con todos os colectivos implicados, da que se vai informar posteriormente neste claustro e que se someterá á aprobación do Consello de Goberno na próxima sesión. De igual xeito, mantivéronse numerosas xuntanzas con representantes de estudantes para debater o articulado das novas normativas así como para facilitar a finalización de estudos a estudantado dos antigos plans.

No relativo ás Bolsas, ademais da xestión das convocadas polo Ministerio e da convocatoria e xestión das Bolsas Propias da Universidade de comedor, causas sobrevidas, residencia, etc. este ano, como novidade, convocáronse bolsas propias para estudos de máster, complementarias ás do MEC e bolsas para gañadores de olimpíadas científicas.

Finaliza o reitor este apartado, dando conta do incremento no número de convenios con universidades españolas levado a cabo este ano para mobilidade SICUE. Dado que a internacionalización e mobilidade tamén son impulsadas en colaboración coa Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, da conta das actividades realizadas nesta Vicerreitoría, comezando polas relacionadas coa extensión universitaria. Trabállase para mellorar a visibilidade internacional da Universidade de Vigo como destino para o estudantado con necesidades educativas específicas, especialmente ó estudantado con discapacidade. Así, a UVigo participa no proxecto Europeo MapEd destinado a establecer unha guía europea de universidades "amigables" cos estudantes con discapacidade. Tamén da conta do incremento producido na participación da Universidade de Vigo en proxectos de cooperación ao desenvolvemento, en colaboración coas entidades do cuarto sector presentes na nosa contorna. Nesta liña de compromiso coa responsabilidade social universitaria, continúa o reitor, reforzáronse os programas vencellados á mesma, como o programa de maiores, o de atención aos estudantes con necesidades educativas especiais, o de orientación ao estudantado, e a convocatoria de bolsas de residencia, de transporte e de comedor. Así mesmo, neste ano, realizouse a posta en marcha dunha horta universitaria no Campus de Vigo.

Ademais destas actividades, mantivéronse os programas de extensión universitaria habituais, como cursos de extensión e obradoiros; espectáculos de teatro e música; coro universitario; concursos de fotografía, música, tradución e creación literaria; e actividades singulares como o Concerto de Nadal e a Semana de Cinema Submarino. E, no eido do deporte, neste ano insistiuse no noso enfoque da actividade deportiva como elemento central para a consolidación dun estilo de vida saudable. Posta en marcha do proxecto “UVigo Activa e Saudable” e participación no proxecto europeo "Active Campus Europe". Tamén afondouse no recoñecemento do valor académico do deporte coa posta en marcha dun programa de desenvolvemento de competencias de liderado e xestión de equipos baseadas no deporte, e un programa de recoñecemento de créditos por participación en actividades deportivas.

No eido das Relacións Internacionais, prosegue o reitor, levouse a cabo a primeira convocatoria para o Fomento da implantación de plans de internacionalización nos centros, coa aportación de recursos que permitan incrementar a oferta académica en inglés, os programas de dobre titulación internacional, e a

movibilidade do estudiantado, PDI e PAS. A convocatoria está a piques de resolverse, polo que se implementarán os primeiros programas desta convocatoria no ano próximo. A través da ORI, a Universidade de Vigo participou nos dous eventos máis importantes a nivel mundial de internacionalización da educación superior, a Conferencia da Association of International Educators en Denver, Colorado (USA) e a Conferencia da International Association of International Education en Liverpool, UK. Para rematar este apartado, da conta da promoción da oferta académica da Universidade de Vigo en eventos de captación de alumnado para os posgraos, fundamentalmente en América Latina, en colaboración coa Sección de Posgrao e a Sección de Información, Orientación e Promoción do Estudiantado.

No terreo da movibilidade internacional, definiuse un novo programa Erasmus+ cos países dos Balcáns, e se reforzaron os programas de movibilidade en Asia e América coa inclusión de novas universidades con perfil semellante á Universidade de Vigo. De igual xeito, neste ano consolidouse a oferta de movibilidade internacional da Universidade de Vigo, potenciando os centros da nosa Universidade que dispoñen dun número de destinos por debaixo da media, estendendo os convenios existentes ao resto dos ámbitos do coñecemento, e completando a oferta de países para incluír novos destinos, fundamentalmente en Asia, África, Australia e América Latina.

En relación co fomento do emprego e as prácticas universitarias, da conta da organización da V International Staff Training Week, para persoal de administración e servizos dos nosos socios europeos, no que participaron máis de 50 representantes dos servizos de emprego de universidades europeas.

Expón o reitor que unha das políticas prioritarias de actuación na Universidade de Vigo, é a de igualdade entre mulleres e homes, así salientamos de xeito especial que neste ano foi aprobado o 2º Plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo 2016/19, na sesión do Consello de Goberno do 15 de abril. Este plan é produto do resultado do informe de avaliación do primeiro e caracterízase por estar adaptado á realidade, ser integrador, transversal, participativo, dinámico e cuatrienal. Estrutúrase en catro eixes que, a súa vez, conteñen obxectivos estratéxicos e operativos. A partir deses obxectivos se concretan as 85 accións que se consideran necesarias para acadalos. A Comisión de Igualdade será, xunto coa Unidade de Igualdade como órgano xestor, a encargada de realizar o seguimento da execución do plan de igualdade. Subliña o reitor que este II Plan de igualdade axudará a crear un entorno de convivencia igualitario que, amais de ser o xusto e democrático será, sen dúbida, beneficioso para a institución porque aumentará a súa competitividade ao sacar rendemento de todo o seu capital humano en igualdade de condicións.

Por outra banda, estas políticas de igualdade da Universidade de Vigo foron presentadas na 9th European Conference on Gender Equality in Higher Education realizado durante o mes de setembro en París»

O reitor pasa a presentar a continuación un resumo específico das actividades desenvolvidas polas vicerreitorías dos Campus de Ourense e Pontevedra. Comezando a expoñer as principais liñas de traballo desenvolvidas no Campus de Ourense

1. Colaboración institucional: Ao longo do ano 2016 cabe salientar a intensificación da relación entre a Universidade de Vigo, a través do Campus de Ourense, e os Concellos da provincia. Esta é unha liña estratéxica iniciada no ano 2015 que continuou no ano 2016, e que estenderemos no ano 2017, e que ten como obxectivo achegar a Universidade a todo o territorio de Ourense e as súas comarcas.

Así, asináronse convenios marco e específicos cos concellos de Amoeiro, Barbadás, Castrelo de Miño, Monterrei. Hai que salientar que todos os convenios marco levaron aparellados contratos de I+D financiados polos concellos, para desenvolver traballos diversos en cada un deses municipios.

Nesta mesma liña, dende a Vicerreitoría do Campus de Ourense promovéronse e asináronse convenios como o de creación da Cátedra VIEWNEXT e convenio marco co Ilustre Colexio de Arquitectos de Galicia, así como un total de 40 convenios de cooperación educativa para prácticas académicas curriculares.

Ao longo deste ano mantívose a colaboración institucional coa Deputación Provincial de Ourense, que en 2016 incrementou as achegas económicas directas ao Campus de Ourense da Universidade de Vigo.

2. O proceso de especialización do Campus da Auga segue a avanzar con paso firme. A día de hoxe está executado o 90% do establecido no plan estratéxico do Campus da Auga. As accións que se levaron a cabo neste eido ao longo do ano 2016 foron as que seguen:

- En primeiro lugar, levouse a cabo o proceso para a Creación do programa de doutoramento do Campus da Auga, titulado “Auga, sustentabilidade e desenvolvemento”. Nomeouse unha comisión académica, con representación de todos os centros do campus universitario, así como da UTAD e do Instituto politécnico do Porto (IPP), as dúas institucións universitarias portuguesas que participan na gobernanza e docencia do programa, ademais de coordinador e secretaria do Máster. Fíxose unha chamada a todos os investigadores e investigadoras do campus universitario, así como da UTAD, IPP, e do resto da UVigo. Conclúese coa elaboración dunha memoria con 3 grandes bloques temáticos, que son os que dan título ao programa, nos que se engloban as liñas de investigación dos máis de 120 investigadores adscritos ao programa. Remata lembrando que foi aprobado na comisión académica, no consello de campus, así como no consello de goberno, sendo aprobado recentemente na Xunta de Galicia, polo que estase pendente da resolución do Ministerio de cara á súa aprobación no vindeiro curso.

- No eido da investigación destaca diversas as actuacións. Así: púxose en marcha o programa IPICA (Investigación e Proxectos Institucionais do Campus da Auga), co que se pretende impulsar a elaboración de proxectos institucionais do Campus da Auga seguindo unha metodoloxía bottom-up. Celebrouse durante o mes de outubro o 2º Congreso Mundial da Auga, dedicado nesta ocasión a inundacións e secas, en colaboración co Concello de Ourense, a Deputación provincial e a Confederación hidrográfica Miño-Sil. Convocouse a primeira edición dos premios de investigación, transferencia, innovación educativa e divulgación científica. Ademais, levouse a cabo a segunda edición do Día Mundial da Auga - Xornadas de portas abertas Campus de Ourense – Campus da Auga, xunto coa segunda edición da convocatoria do concurso foto-relato - No ámbito da divulgación, celebrouse tamén a exposición “Arquitecturas da Auga” na que con ánimo de máxima transparencia se presentaron publicamente os proxectos arquitectónicos finalistas no concurso de adxudicación do edificio do Campus da Auga, así como o proxecto gañador. Ademais organizouse a xornada “Auga e cooperación ao desenvolvemento: que facer dende a universidade” coa que se pretende dar a coñecer entre a comunidade universitaria, e tamén á sociedade en xeral, o papel que o Campus da Auga pode e quere xogar no ámbito da cooperación internacional no eido da Auga.

- Durante a anualidade 2016 resolveuse a adxudicación da obra do edificio do Campus da Auga, comezando a súa execución en agosto deste mesmo ano e estando prevista a súa conclusión a finais do ano 2017.

3. Ademais das accións sinaladas, realizadas estritamente no marco do Campus da Auga, o reitor salienta outras:

- No eido da investigación, a convocatoria propia da Vicerreitoría do Campus de Ourense dos chamados proxectos INOU, do que se beneficiaron 9 grupos por un importe total de 45.000 Euros.

- No eido académico, posta en marcha da Escola de Enxeñaría aeronáutica e do espazo, o sétimo, e a implantación durante o curso 2016/2017 do Grao en Enxeñaría Aeroespacial, que ven completar a oferta no ámbito tecnolóxico. A implantación fíxose cun éxito rotundo, subliña o reitor, ao cubrirse o 100% das prazas ofertadas, cunha nota de corte de 10,304. O interese amosado polo grao en Enxeñaría Aeroespacial queda reflectido no ámbito empresarial no que vai de

andadura, coa sinatura dos convenios con Dreams Factory Advertising e Componentes Aeronáticos COASA.

- Neste mesmo ámbito, destaca o intenso labor realizado dende a Vicerreitoría en accións de promoción do Campus de Ourense e das súas titulacións nos centros de ensino secundario da provincia de Ourense así como a participación en proxectos relevantes tales como a Feira Científica para Estudantes Galiciencia.

4. No eido do estudantado, remarca as cifras de matrícula de primeiro curso nas 16 titulacións ofertadas no Campus de Ourense, cubríndose o 96% das prazas ofertadas, o que supón unha matrícula histórica neste Campus. O reitor fai fincapé que porcentaxes de ocupación similares se logran nos tres campus, polo que os tres teñen demanda social, o que demostra o éxito da especialización. Finaliza este apartado, mencionando a convocatoria de bolsas Ourense exterior que permitiu adxudicar as 5 bolsas ofertadas a estudantes estranxeiros para desenvolver estudos de mestrado no Campus de Ourense.
5. No ámbito da extensión universitaria da conta do elevadísimo uso das instalacións deportivas e o éxito das escolas deportivas ofertadas no Campus de Ourense. En canto á actividade cultural, salienta, ademais dos programas tradicionais, como os relativos á produción teatral, á expositiva a través da Sala Alterarte, e outros, o novo programa musical, Unison, e o éxito crecente do Coro Universitario do Campus de Ourense. Por último, lembra o éxito na celebración da gala do deporte, en novembro de 2016 e subliña que todas estas actividades son unha referencia para o Campus e para toda a cidade.

Prosigue o seu informe cun resumo do máis salientable acontecido no Campus de Pontevedra.

1. Comeza polo apartado de relacións institucionais, no que destaca a Gala de presentación do proxecto CREA S2i e a sinatura do protocolo de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Deputación de Pontevedra como fito histórico entre ambas institucións. Especial importancia ten o acordo acadado co Concello de Pontevedra para a bonificación do 95% do IBI así como o a cesión de catro plantas do edificio administrativo da Xunta de Galicia sito na rúa Benito Corbal, para o establecemento da sede do CREA S2i.
2. Dá conta do avance na especialización do Campus CREA S2i destacando a primeira edición do observatorio urbano estando pendente a súa segunda entrega ao Concello de Pontevedra, con máis de un millón de datos xestionados; a 3ª edición da Feira de Emprendemento Pont-Up Store con 36 stands; a Semana da Creatividade e da Innovación que este ano contou con David Alayón, director de proxectos de innovación do grupo Inditex e a primeira edición do Festival Novos Cinemas cun espazo de formación e divulgación propio para estudantes do Campus.

No eido académico destaca a aprobación en Consello de Goberno da Memoria do Programa de Doutoramento en Creatividade e Innovación Social e Sustentable do Campus de Pontevedra.

Tamén ao fío do Campus CREA S2i, o reitor destaca a extensa oferta cultural propia que este ano contou con varios ciclos de cine que gozaron de gran acollida, unha variada actividade artística da sala X e a oferta de cursos realizada na Aula Tecnolóxica.

3. En relación coas actividades e iniciativas de carácter Xeral que se impulsaron ou nas que se colaborou dende o CREA S2i salienta que a Universidade de Vigo a través da Vicerreitoría do Campus de Pontevedra asume a dirección da Cátedra Almirante Álvarez-Ossorio. Tamén o nomeamento da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte como centro da Rede de Escolas Unesco.

Expón que elaborouse por primeira vez de xeito conxunto entre docentes da Escola de Enxeñaría Forestal e a Confederación Galega de Empresarios da Madeira, Confemadera Galicia o Informe de resultados da Industria da madeira e o moble de Galicia. Elaborado. Do mesmo xeito, por primeira vez acolléronse os exames de Cambridge, con 22 participantes.

Celebráronse as Conversas na Uvigo, en colaboración co Diario de Pontevedra. a Cuarta edición do Congreso Internacional de Videoxogos e Educación (CIVE 2016), a Primeira Edición do Congreso de Estudos Internacionais de Galicia (IGADI). De igual xeito, leváronse a cabo: a Terceira edición do Foro sobre Xeopolítica Ibérica (Instituto Español de Estudos Estratéxicos, xunto coa Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia Norte de Portugal), o Salón da Oferta de Educación e Formación de Galicia Edugal, a XXXIII Semana Galega da Filosofía, coa Aula Castelao de Filosofía. E destaca tamén a celebración da Ponteciencia, feira da miniciencia na que participaron máis de 300 escolares e financiada polo FECYT/Concello de Pontevedra e, por último, o XIV Memorial Filgueira Valverde, co Museo de Pontevedra.

4. A continuación, o reitor fai unha mención especial ao talento das persoas que constitúen e colaboran co Campus, que foi recoñecido con diversos nomeamentos e premios, recibidos tanto por membros do persoal docente e investigador como por estudantes do Campus. Destaca o seu labor e a súa importancia como embaixadores da nosa Universidade.
5. No apartado relativo ao Green Campus, o reitor destaca que despois de obter a Bandeira Verde o 18 de novembro de 2015, sendo o primeiro campus de España que o conseguiu, presentouse o percorrido deste proxecto no Encontro Ibérico de Eco-Universidades celebrado na Universidad de Minho de Braga e realizáronse actividades como a campaña de recollida de Residuos de Aparatos Eléctricos y Electrónicos, a Semana Europea da Mobilidade, o taller de reciclaxe de bicicletas “Green Bike” e a instalación dun composteiro para dar un novo uso aos residuos orgánicos dos comedores.

No apartado de obras, refire o reitor, que ademais do acondicionamento de facultades para mellora do seu rendemento enerxético e de mellora da accesibilidade, levouse a cabo a Construción do carril bici dende o Campus ata a conexión coa rede municipal na Alexandre Bóveda, da senda peonil e a mellora dos accesos á Avenida de Compostela.

Para rematar a información do Campus de Pontevedra, dá conta de dous eventos destacados como o décimo aniversario de Debut e o concerto de piano con diaporama a cargo de Josep María Colom, quen estreou o seu disco en Galicia tras facelo en Barcelona e Madrid.

Conclúe o seu informe dando conta do proceso de redacción dos Estatutos. Indica que no plenario da Comisión estase a levar a cabo a composición, revisión e discusión do texto enviado polos distintos grupos de traballo. Indica que nesta semana se celebrará un novo plenario. Engade que queda por debater dous capítulos do título de comunidade universitaria, polo que tal vez en primavera se poida publicar na páxina web para exposición pública, para que a comunidade universitaria poida realizar as alegacións e posteriormente sexan debatidas na Comisión.

3. Informe sobre as Liñas xerais de política orzamentaria-2017.

Cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación.

O vicerreitor, co apoio dunha presentación, realiza un resumo do documento completo que se achegou coa convocatoria, **Anexo I**. Destaca que é terceiro exercicio da actual etapa de goberno e o orzamento que dá soporte a estas liñas básicas é o segundo que se desenvolve no novo marco establecido polo Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2016-2020 (PFSUG), coincidindo co Horizonte 2020 da Unión Europea.

Comeza presentando o marco normativo que condiciona a elaboración dos orzamentos dunha universidade pública. Destaca que a novidade máis importante neste exercicio é a promulgación da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno e, como en todas as anualidades, a necesaria subxección ás normas orzamentarias da Comunidade Autónoma de Galicia e aos orzamentos do Estado. Polo tanto, continúa, especial relevancia ten o *Plan Presupuestario 2017, Informe de Acción Efectiva de la Administración General* que o Goberno de España remitiu ás autoridades europeas e que, no esencial,

prorroga os orzamentos do 2016 en tanto non se aproben os orzamentos do 2017. Explica que iso ten implicacións moi importantes no que atinxe ás restricións legais, por exemplo, en materia de contratación de persoal, xa que se manteñen os mesmos condicionantes que existían no ano 2016. En segundo lugar, destaca o proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia, do que nestes días se está a iniciar o trámite necesario para a súa aprobación, que e considera poderá ter lugar a finais de xaneiro ou no mes de febreiro.

En relación coa evolución do financiamento do SUG dos últimos anos, expón que nos dous últimos exercicios prodúcese un incremento, que se corresponde no 2016 coa recuperación das retribucións que se retiraron por parte do goberno en 2012 e no 2017, porque volveremos a cobrar a paga extraordinaria ou os complementos específicos que o Goberno de Galicia nos retirou a partir do 2013. Polo tanto, esta recuperación no financiamento é enganosa, xa que vai destinada a esa recuperación salarial, subliña o vicerreitor.

Analiza a continuación as achegas que conseguidas pola UVigo ao longo dos sucesivos planes de financiamento; e destaca que no plan anterior, na medida en que, timidamente, se incentivaba o financiamento por resultados, conseguimos mellorar a captación de recursos. Pero no plan actual, renúnciase a ese financiamento en base a resultados, polo que os incrementos dependen da recuperación salarial e non da captación de recursos para a xestión da Universidade. O vicerreitor salienta que, aínda así, a Universidade de Vigo foi quen de, a partir do 2011, equilibrar as contas, pechando os exercicios seguintes con superávit, excepto no 2015, no que se pechou cun déficit técnico de 278000 euros, que foi consecuencia fundamentalmente do proxecto Táctica, que foi ingresado a finais do exercicio 2013 e executado nas anualidades do 2014 e 2015, nas que se computan os gastos, pero non o ingreso, ocasionando o déficit antedito. Aínda así, engade, a situación da Universidade de Vigo é máis favorable que a das outras universidades do SUG.

Como resumo da situación económico-financeira, puntualiza o vicerreitor que a UVigo nunca tivo necesidade de recorrer á débeda bancaria, que estamos en equilibrio orzamentario dende o 2012 e que se cumpre escrupulosamente os prazos de pagos a provedores. Insiste na necesidade de continuar por este camiño, porque calquera outro levaría á Universidade a unha situación de risco.

Pasa a continuación a lembrar a estrutura básica do Plan Galego de Financiamento Universitario 2016/2020, dividido en dous grandes fondos: financiamento estrutural e financiamento por resultados. Reitera a opinión expresada o ano pasado de que no financiamento estrutural avanzouse cara a maior transparencia, xa que na actualidade este fondo repártese en función dos créditos matriculados en cada universidade, aínda que expresa o desacordo da UVigo en que neste reparto a docencia clínica reciba un trato notablemente privilexiado, que favorece claramente a unha universidade do SUG.

En relación ao financiamento por resultados, o vicerreitor critica que, a pesar de que nominalmente suporía un terzo dos recursos totais, moitas das partidas que se inclúen neste fondo non corresponden a resultados da Universidade, como por exemplo a Fundación Rof Codina ou os consellos sociais. O único subfondo, engade, que realmente responde a este concepto sería o “Panel de indicadores”, e mesmo nel, entre un panel de 12 indicadores, hai dous que non están racionalizados polo tamaño de cada universidade, polo que claramente prexudican ás de menor tamaño. Polo tanto, salienta, mentres non se consiga modificar estes parámetros non poderemos estar de acordo con este plano de financiamento, trátase dun plan de financiamento regresivo, reitera.

Neste escenario as achegas previstas para este 2017 acadan os 402 millóns de euros, que supón un incremento con respecto ao ano pasado, pero, insiste o vicerreitor, que é practicamente absorbido pola recuperación da paga extra retirada no 2013. Aproveita para aclarar que non é que vaimos recibir o que nos retiraron dende ese ano, senón que volverán a pagar o que nos corresponde. En base ao antedito, a estimación das achegas que recibirá a UVigo é totalmente plana, xa que non se aposta polo financiamento en base aos resultados, e haberá pouca posibilidade de mellorar nos anos seguintes.

A continuación o vicerreitor comeza a exposición do orzamento da Universidade de Vigo para o 2017, de 165.325.488 euros, o que supón un incremento do 2,95% con respecto do correspondente a 2016.

En relación coa distribución dos ingresos por capítulos, destaca os ingresos por taxas e prezos públicos, que superan o 10 % dos ingresos totais. Explica que o incremento do 5,21% do ingreso por transferencias de capital, que é debido a unha cuestión meramente contable, xa que se produciu o traslado a este apartado das achegas relativas a agrupacións estratéxicas e centros singulares de investigación que antes se percibían polo capítulo IV de transferencias correntes. Fai fincapé tamén no incremento do 41% na variación de activos financeiros, que deriva fundamentalmente do inicio da recuperación na captación de recursos en convocatorias competitivas, tras un ano 2015 moi difícil neste aspecto, xa que estaba iniciándose o novo programa marco da UE.

No orzamento de gastos, salienta o incremento do 2,59% no capítulo I, gastos de persoal, así como o incremento do 34,57% nas Transferencias Correntes, que vén dado, dunha banda, pola captación de proxectos de mobilidade de persoal e de intercambio de estudantes e, doutra, por un efecto “contable”, xa que se incrementa o volume de transferencias que se realiza a Bugalicia para a compra de recursos electrónicos. Isto deriva de que a Xunta de Galicia ingresa ás universidades para que estas o transfiran a Bugalicia, o que antes aboaba directamente a este Consorcio.

Outra partida que se incrementa notablemente son os investimentos reais, vinculados ás obras que temos en execución, de xeito singular á sede do Campus da Auga, no Campus de Ourense, e á sede institucional do Berbés, obra que se licitará nos próximos meses e que terá un ritmo de execución moi elevado no 2017.

Detense o vicerreitor no capítulo I, para aclarar unha discrepancia con respecto ao proxecto de orzamento da Xunta de Galicia. Neste, aparece un límite de masa salarial inferior ao que se recolle nestes orzamentos, esta diferenza deriva de que hai 5 millóns e medio de euros que corresponden a contratos de convenios e programas tipo Ramón y Cajal e similares, que a UVigo inclúe no capítulo I, xa que se trata de persoal, e as outras universidades o manteñen no capítulo VI. O ano pasado a Xunta de Galicia recoñeceu esta singularidade, e cando fixa o límite de gasto aclara que non están incluídos estes contratos.

A outra diferenza é o incremento de custo dos complementos persoais dende 2016 a 2017, que supón a cantidade de 1.157.500 euros. Estaba acordado coa Xunta que ese incremento tiña que incluírse no límite de gasto, pero sorprendentemente non o tiveron en conta no primeiro borrador de orzamento. Confía en conseguir emendalo ao longo do debate orzamentario, xa que considera que se trata dun erro, xa que o acordo era total neste aspecto.

Detense o vicerreitor explicando a evolución dos gastos de persoal no SUG dende o 2012, amosando unha táboa, con datos confirmados, que amosa que a Universidade de Vigo é a que máis medrou neste aspecto, un 5%, fronte o incremento do 2,69% da UDC e a diminución do case 1% da USC. Subliña a diferenza significativa entre o gasto e o límite de masa salarial autorizada, debido a que somos a única universidade na que os gastos de persoal investigador está incluído no capítulo I, o resto o inclúen no capítulo VI. Explica que o ano pasado logrouse que se excepciónase este límite. A outra diferenza é o incremento do custo dos complementos do profesorado, estaba pactado que fora 1 M euros máis. Indica que esta cantidade non está plasmada nos orzamentos, pero confiamos en que se inclúa, xa que é un gasto ineludible que ten que figurar aquí.

Destaca que, como consecuencia dese incremento, o capítulo I supera o 58% dos gastos totais da Universidade. Estes datos deixan claro a aposta real da nosa Universidade polo persoal e o seu desenvolvemento. Polo tanto, continúa, nestes orzamentos fórmase unha redución de gasto corrente do 5,41%. como posibilidade de absorber ese incremento, a través das novas licitacións ou renegociación de contratos e unha maior eficiencia na xestión do gasto, así como unha adecuada distribución entre partidas de gasto das axudas finalistas obtidas.

Explica moi brevemente o capítulo VI de investimentos reais no que se produce un incremento debido á execución de boa parte do edificio do Campus da Auga, así como a sede institucional do Berbés, así como ás axudas acadadas na última convocatoria de infraestruturas científicas. Destaca que se mantén o criterio de desenvolver novas infraestruturas unicamente si se teñen acadado recursos finalistas.

Finaliza o vicerreitor dicindo que as variacións porcentuais con respecto do ano anterior non son importantes e que este orzamento pretende pechar con balance positivo que ano tras ano tentamos cumprir

O reitor abre unha rolda de intervencións que inicia o profesor Reigosa Roger. Di que entende que a Universidade de Vigo continúa facendo ben os seus deberes, polo que non realiza ningunha crítica, pero quere realizar unha dobre reflexión en unha pregunta. Expón que lle preocupa que as dúas universidades que están en números vermellos continúan traballando como se esta diferenza se lles fora compensar, que non van pechar. O que produce a sensación de que non se compensa o facer as cousas ben.

A segunda reflexión é que traballando ben e seguindo o camiño correcto, non somos quen de transmitir que iso non abonda e a opinión pública e as organizacións pensan que a Universidade está ben tratada e mesmo en Galicia mellor que noutros sitios de Estado.

Para finalizar, pregunta que o incremento do gasto de Bugalicia ten que ver co que se paga ás editoriais ou ao incremento no número de publicacións.

Intervén a continuación Ernesto Vázquez-Rey para puntualizar que os datos das outras universidades do SUG, debe explicar a razón dos mesmos. Considera que se ben parece que nelas non se aposta tanto polo persoal, o como estudante que tamén é da UdC, é consciente que esta última non asinou o plano de financiamento anterior por discrepancias nos cálculos consecuencia dun financiamento menor que o que lle correspondía.

Toma a palabra o Sr. Xan Cebro, quen lembra as restricións impostas polo financiamento estatal e autonómico, así como a retirada das pagas extras, polo que houbo que apertarse o cinto, engade. E comparte co profesor Reigosa a reflexión realizada en canto á comparativa coas outras universidades, trasladándoo ao terreo das comunidades autónomas, no que hai comunidades que non cumpren os condicionamentos e, en cambio, levan o mellor financiamento. Pregúntase de que nos serve cumprir coas normas, e apunta que tal vez deberíamos pensar en non cumprir, xa que, polo menos no ámbito PAS funcionario, tanto a USC e UDC crecen en prazas. Agradece que o gasto social entre no capítulo I, no límite de masa salarial, polo que contarán con iso nas negociacións. Destaca tamén o incremento do 5% con respecto do ano anterior en persoal, en comparación coas outras universidades, pero o relativiza, xa que no capítulo I a UVigo inclúe aos investigadores, que o resto incorpora noutros capítulos. Indica a conveniencia de que se indicara o importe do custo destes investigadores e canto a PDI F, e no apartado de PAS, canto corresponde á PAS-F e canto a PAS L. Reitera que na UdC si que houbo un crecemento no PAS-F, non só por funcionarización. Considera que na UVigo se aforra no PAS-F mentres a Coruña acaba de sacar prazas, a USC sacou concurso de C2 a C1. Insiste en que na Universidade de Vigo existe un déficit de PAS que repercute negativamente no funcionamento, tanto no PDI como no alumnado. Pregunta tamén pola cantidade que aparece asignada como carga social.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación para dar resposta ás cuestións formuladas.

O vicerreitor comeza agradecendo as palabras e o ton do profesor Reigosa, indica que o equipo reitoral procura facer os deberes e entende que cando se ocupa o posto nun equipo de goberno é para cumprir as leis. O que aconteza noutras universidades, non nos corresponde a nós analízalo, pero subliña a relevancia do que se amosa no incremento no capítulo I. En relación ao comentario de se transmitimos o que estamos a facer, responde que en todos os foros nos que participamos, en calquera contacto coa Secretaría Xeral de Universidades, coa Consellería etc., continuamente se pon enriba da mesa a deficiencia no financiamento. Fai fincapé que non se debe pensar que se non cumprimos as restricións que se nos poñen, xa nos sacarán do enredo, xa que correríamos o risco de entrar nun debate político que agora está contido, pero que en calquera momento se podería reactivar: para que se queren tres aeroportos, mellor unha universidade con 7 campus etc. Explica que neste momento, co modo de funcionar da Universidade de Vigo, estamos a actuar como unha barreira de contención fronte a este tipo de apostas.

En relación ao comentado por Ernesto Vázquez-Rey, explica que os datos que se utilizan doutras universidades son datos públicos. Matiza o exposto polo representante do estudantado, indicando que a UdC asinou ambos planos, porque se non fora así non habería transferencias, pero si que é certo que

amosou maiores rexeitamentos o ano pasado, en cambio este non. Mentres que no caso da Universidade de Vigo acontece ao revés, xa que este plano non aposta polo financiamento por resultados, o cal á UdC lle favorece, lembra o vicerreitor.

En canto ao exposto polo Sr. Cebro, indica que a comparación realizada co financiamento das autonomías non se pode extrapolar a esta situación, xa que, nese caso, unha autonomía conta cun poder que lle dan os votos. E insiste en que actuar infrinxindo as normas coa esperanza de que ao final todo se vaia resolver porque haxa alguén que o arranxe, supón un gran risco, porque non sabemos se vai ser así. E aclara que o motivo polo que se inclúen no capítulo I os salarios do persoal investigador de programas e contratos de investigación e do persoal técnico de apoio contratado con cargo a eses proxectos e contratos, é ese, reitera, porque son salarios. Finalmente, responde que a pormenorización que solicita está incluído nos resultados de contas que se presentan dende os últimos anos, eses documentos son públicos, polo que poden verificarse esas partidas, pero que neste punto debatemos unha proposta de liñas de actuación orzamentaria, pero que cando se discutan os orzamentos se fará.

Finalizada a rolda de intervencións o reitor abre unha quenda de réplica.

Intervén o profesor Reigosa para agradecer a resposta, pero aclara e reitera a súa queixa, xa que pide que a opinión da Universidade de Vigo se faga chegar ao público, que se transmita á prensa, para que non pareza que a nosa Universidade estea durmida. Lembra tamén a súa pregunta sobre Bugalicia.

Toma a palabra tamén Xan Cebro, quen aclara a súa pregunta, sobre se os 12 millóns e pico de carga social entran no límite da masa salarial. Responde o vicerreitor que esta táboa é a que aparece nos orzamentos da Xunta de Galicia.

Volve a intervenir o Sr. Cebro e insiste en que o 5% de incremento en persoal non repercute no PAS, xa que hai unha diminución e lembra que algúns traballadores levan máis de 4 anos contratados, e só se estabilizan dez. Di que o Equipo ten que entender que temos tres campus e que con menos efectivos que no resto das universidades hai que facer o mesmo que nas outras, e non se recompensa o esforzo que está a realizar o PAS funcionario.

O vicerreitor pasa a dar resposta ao Sr. Reigosa. Di que Bugalicia está mellorando a nivel de dispoñibilidade de recursos, despois de anos de dificultade pola inflexibilidade das grandes editoriais. Di que se vai negociar unha licenza con Elsevier a nivel de CRUE, o que dará estabilidade a un proceso que era moi complexo. Indica que hai un incremento para o 2017 do custo dos recursos. Explica que hai anos a Xunta de Galicia tiña un contrato directo con Bugalicia, pero no ano 2011 retrácese dos órganos e deixa de financiar este consorcio, porque considera que é un asunto directo das universidades, polo que traslada a parte da financiación correspondente, a partes iguais, ás universidades, para que estas o transfiran a Bugalicia. Engade que este ano por 1º vez se orzamenta esa cantidade, sen agardar que a Xunta o ingrese, como se facía antes. En canto á comunicación da insatisfacción co financiamento, insiste en que se transmite en tódolos foros e concede que, tal vez, podería facerse máis cara ao público.

En resposta ao Sr Cebro, reitera que estamos presentando as liñas de actuación orzamentaria, é lexítimo que queira abrir ese debate no Claustro, pero o momento será cando se presenten os orzamentos no Consello de Goberno próximo. Agora non corresponde, engade.

4. Informe do presidente do Tribunal de Garantías sobre o ano 2015.

O reitor cede a palabra ao presidente do Tribunal de Garantías, o defensor universitario, para que presente o informe da actuación do Tribunal de Garantías, que se achega como **Anexo II** a esta acta, para cumprir o disposto nos Estatutos da nosa Universidade. Realiza un breve comentario e reflexión en relación co seu novo mandato, e agradece a mostra inequívoca de confianza que supón a súa reelección e promete traballar intensamente. Alégrase tamén da elección dos membros do PDI-A, tras as dificultades de máis dun ano, e agradece o traballo desenvolvido ás persoas que forma parte do Tribunal de Garantías, pero en especial a Ana Martínez e Guillermo de Oca, porque sempre formaron parte do Tribunal e colaboraron de xeito continuado. Tamén agradece o apoio recibido pola súa antiga secretaria, Lola, e tamén á nova,

Ana. Entre os distintos puntos abordados no seu informe, destaca a necesidade de eliminar o uso da rede para a transmisión de insultos, e roga que por consideración moral, máis que por imperativo legal, se interrompa esta situación, para dar exemplo á sociedade. Felicita tamén á Universidade polos resultados acadados en transparencia, e recomenda que esta actividade se complete coa elaboración dunha normativa de transparencia e a definición dun código ético.

5. Informe da Normativa de permanencia e progreso do estudiantado das titulacións oficiais de grao e máster universitario da UVigo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Estudiantes para a presentación deste punto. Comeza a vicerreitora informando de que, na sesión do Consello de Goberno do día 15 de decembro aprobouse o texto da Normativa de permanencia (**Anexo III**), que pasa a introducir. A LOU, no seu artigo 46.3, establece que as universidades deben ter unha normativa que regule o progreso e a permanencia dos estudantes, para compatibilizar o dereito ao estudo co adecuado aproveitamento dos fondos públicos. Explica que o 2 de abril de 2013 o Consello Social da UVigo, á proposta do Consello de Goberno, aprobou a primeira normativa de permanencia adaptada ás novas titulacións de grao e máster, que entrou en vigor no curso académico 2013-2014. Indica que esta normativa resultou problemática dende o primeiro ano da súa aplicación (2013-2014), en moitos casos non porque a normativa fose desacertada, senón que os deseños dalgúns plans de estudos ou normativas sobrevidas (como o decreto Wert de bolsas) entraban en conflito con ela e causaban dificultades no progreso ao alumnado. Engade a vicerreitora que coa experiencia acadada nestes anos resulta necesario introducir unha serie de modificacións.

A elaboración da nova normativa foi negociada cos estudantes, continúa, compromiso que o reitor adquiriu con eles para este segundo mandato e foi un dos primeiros asuntos abordados dende a Vicerreitoría, coa publicación dunha instrución no ano 2014, que se renovou (con algunhas melloras) nos anos 2015 e 2016 para dar solución ás diferentes problemáticas xurdidas.

A continuación, a vicerreitora pasa a explicar as novidades máis salientables do documento, especialmente as que supoñen un cambio de concepto e as que veñen a solucionar os problemas que máis preocupaban ao alumnado.

Sinala, en primeiro lugar, que cambia a maneira de computar a permanencia, xa que o modo anterior (bolsa de horas) resultaba pouco claro para o estudiantado e esta é a única universidade que o computa así. Nesta proposta se computa en convocatorias, fórmula que pediron de xeito unánime os representantes do estudiantado e que é bastante común entre as universidades.

A segunda diferenza, prosigue a vicerreitora, ten que ver co número de créditos matriculables, que probablemente era a cuestión que máis problemas causaba na normativa actual. Na proposta presentada, óptase por regular o progreso do estudiantado en función do rendemento demostrado, establecendo catro niveis de rendemento que permiten progresións a distintos ritmos.

Destaca a vicerreitora como terceira novidade a modificación nas condicións para poder matricularse a tempo parcial, que vai permitir que os centros poidan ter en consideración circunstancias non previstas que poidan impedir a dedicación a tempo completo dun estudante. Lembra que a normativa actual só permite a matrícula en réxime a tempo parcial nunhas condicións determinadas moi específicas: atención a un dependente, contrato laboral, deportista de elite. Estas limitacións fan que, en ocasións, sexan os propios centros os que formulen solicitudes deste tipo.

Unha diferenza importante que resalta a vicerreitora en relación coa normativa anterior, é que o número máximo de créditos que se poden matricular en Simultaneidade de estudos queda fóra da normativa que se propón. Este aspecto pasará a regularse por unha normativa propia, que será presentada no CG, que contempla todo o relativo ao procedemento para a simultaneidade de estudos (solicitud, matrícula...) e que foi redactada de forma paralela.

O último cambio substancial que refire a vicerreitora é a creación dunha Comisión de Permanencia e Progreso da Universidade, que será a encargada de observar o axuste dos resultados do progreso e dos

obxectivos fixados polas memorias de verificación dos títulos e resolver os casos e adoptar as disposicións e as accións que sexan necesarias ante situacións excepcionais que poidan xurdir.

Aclara a vicerreitora que algunhas cuestións formuladas por distintos interlocutores non se incluíron nesta normativa, pero serán contempladas noutras que están pendentes de desenvolver, especificamente na normativa de avaliación.

Para finalizar a súa intervención, agradece a colaboración de todos os que participaron na elaboración desta proposta, que foi consensuada entre todos. Explica que no proceso de elaboración e debate a proposta foi enviada aos decanatos e direccións de centros, ao servizo de alumnado e á sección de posgrado, que fixeron propostas propias e tamén distribuíron o borrador entre o PAS implicados. Pero, de xeito moi especial, agradece a colaboración dos representantes de estudantes que traballaron maneira proactiva ao longo de dous anos, colaborando na propia redacción do articulado e poñendo de manifesto un gran sentido da responsabilidade.

6. Informe da modificación do Departamento de Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos pola incorporación da área de coñecemento de Enxeñaría Aeroespacial.

Para a presentación deste punto o reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen explica que trala implantación do novo título de Enxeñaría Aeroespacial é necesario que a Área de Enxeñaría Aeroespacial sexa incluída nalgún dos departamentos da Universidade de Vigo, para poder incorporar ao profesorado da mesma. Tres departamentos do ámbito tecnolóxico son os que se determinaron como máis afíns, e todos asumiron por acordo dos seus consellos a incorporación desta área. Finalmente, e por unanimidade, considerouse que o departamento máis axeitado era o de Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos.

A COAP informou favorablemente a modificación deste departamento para incorporar a nova área, e foi aprobada na sesión do Consello de Goberno de 22 de xullo, do cal se informa ao Claustro, como require o procedemento da Universidade de Vigo.

7. Elección dos seguintes postos no Tribunal de Garantías:

a. Sector PDI-B: 2

b. Sector Estudantes: 1

O reitor indica que ao inicio dos puntos relativos ás eleccións, procederemos a deter a sesión durante 15 minutos, para que a mesa do Claustro e os membros que non votaron, poidan facelo.

Tras renovar a sesión, procédese ao recuento de votos.

Sector PDI-B:

Candidatura presentada: Sara M^a Torres Outón

Votos recibidos: 6 votos, 1 en branco

Votos necesarios (2/3 dos claustrais do seu sector que asistan), 4 votos

Queda elixida.

Sector Estudantes:

Candidatura presentada: Ernesto Vázquez-Rey Farto.

Votos recibidos: 16

Votos necesarios (2/3 dos claustrais do seu sector que asistan), 10

Queda elixido.

8. Elección de 1 representante do alumnado na Comisión Electoral.

O reitor lembra que non se presentaron candidaturas.

9. Elección de 1 representante do alumnado na Comisión Encargada da Modificación dos Estatutos.

Presentouse unha soa candidatura, a de Paula Rivera González, polo que non é preciso celebrar eleccións e queda elixida.

10. Elección dos seguintes representantes do Consello de Goberno:

- a. Sector PDI-A: 1**
- b. Sector Dec/Dir: 3**
- c. Sector Estudantes: 1**

Polo sector Decanos-as/Directores-as: 3 postos a cubrir.

Votos emitidos 78; votos en branco, 10.

Votos recibidos:

Jesús Castro Fojo, 15
Antonio Collazo Fernández, 31
Consuelo Currás Valle, 9
Carlos Antonio Ferro Soto, 9
Susana Reboreda Morillo, 37
Francisco Javier Rodríguez Martínez, 21

Representantes elixidos: Susana Reboreda Morillo, Antonio Collazo Fernández e Francisco Javier Rodríguez Martínez.

Polo sector profesorado doutor con vinculación permanente á universidade, PDI-A: 1 posto vacante.

Votos emitidos, 43; votos en branco, 10

Votos recibidos:

Burghard Blatrusch, 16 votos
Luís Bueno Alonso, 17 votos

A persoa elixida é Luís Bueno Alonso.

Polo sector estudantes: 1 posto vacante.

Candidaturas:

D. José Angel Álvarez Moreira
D. Oscar Moldes Pita

Trala retirada de J.A. Álvarez Moreira, queda elixido Óscar Moldes Pita.

11. Elección dos seguintes representantes da Comisión de Plans Estratéxicos:

- a. Sector PDI-A: 1**

Non se presentaron candidaturas.

12. Rogos e preguntas.

Ábrese unha rolda de intervencións, na que solicitan participar Ernesto Vázquez-Rey, Adela Sánchez, Diego Rodríguez e José Ángel Álvarez.

O representante do estudantado, Diego Rodríguez Varela, pregunta en relación coa recente aparición na prensa da noticia da indemnización aos reclamantes da titulación propia de Graduado en Ciencias Policiais. Desexa coñecer as actuacións que se levaron a cabo.

Responde o reitor aclarando que en todo momento a actuación da Universidade foi conforme á lei. Lembra que a primeira medida foi a suspensión da matrícula e a retirada do título para evitar a confusión creada pola denominación, cando se crearon os títulos oficiais de Grao. As reclamacións foron atendidas, abríndose unha información reservada que puxo de manifesto que non había outra irregularidade máis que a denominación do título intermedio. Diante dos recursos presentados polos alumnos por responsabilidade patrimonial, aboouse a cantidade indicada polo Consello Consultivo de Galicia. Non estando conformes, recorreron á vía xudicial e o xuíz que resolveu elevou a valoración, en consideración aos danos morais. Finaliza indicando que a Universidade acata a sentenza, como sempre, polo que procederá ao aboamento correspondente.

Intervén a profesora Sánchez Moreira para formular dúas solicitudes relacionadas coa actividade da Universidade de Vigo e do seu reitor na CRUE. En primeiro lugar solicita que a UVigo se posicione en relación aos criterios de acreditación do profesorado universitario recentemente publicados pola ANECA, que comportan un endurecemento excesivo dos requisitos para a acreditación. Semella que non queren sacarse prazas na universidade pública, engade. Reitera a solicitude de que a Universidade se manifeste claramente en contra de ditos criterios. A segunda solicitude que formula a profesora é que a Universidade se sitúe tamén en contra do plaxio, de prácticas tan indebidas como o “corta e pega” non só entre o alumnado, senón tamén en casos tan notorios como o recente do reitor da Universidade RJC, especialmente por proceder de alguén que forma parte da CRUE. Debemos facer un posicionamento claro e ser os primeiros en opoñerse a estas prácticas, reitera. E para finalizar indica, en relación coa noticia apuntada por Diego Rodríguez, que o erro que cometeu a Universidade foi arquivar o expediente de información sen verificar se se estaba actuando ben.

Responde o reitor que o comentario final é unha interpretación persoal, xa que a información reservada pechouse tras verificar que, como xa respondeu anteriormente, o fallo cometido era no ofrecemento dun título intermedio cunha denominación que non se podía ofrecer. E pola responsabilidade derivada dese feito é polo que se aboaron as cantidades estipuladas aos estudantes. En relación ao tema do plaxio, di o reitor que xa se expresa a nosa condena pública a estes procedementos irregulares e se investigan dentro da Universidade, a pesar de que non sempre os xuíces nos dan a razón. En relación co tema do reitor, explica que aínda non se levou a cabo unha asemblea da CRUE, dende que apareceron as noticias, pero amosa a seguridade de que se emitirá un comunicado condenatorio. Para responder á primeira das solicitudes, o reitor cede a palabra á vicerreitora de Ordenación Académica e Profesorado.

A vicerreitora indica que os criterios de acreditación teñen que ser analizados con calma e en profundidade, porque afectan a diversos ámbitos. Indica que os que ela valorou do seu ámbito parece que, en efecto, foron endurecidos notablemente. Indica que é necesario que nos reunamos para a súa análise. Transmite a vicerreitora que ten constancia de que non convocaron ás universidades para a formulación destes criterios. Trátase dunha decisión de parte, engade, xa que a CRUE tampouco foi consultada e foi presentada sen un borrador previo. Finaliza indicando que a CRUE reunirse na permanente para que a Sectorial de Asuntos Académicos analice estes criterios.

Intervén Ernesto Vázquez-Rey, quen agradece a explicación recibida en relación ao título de graduado en Ciencias Policiais e pregunta se a compensación económica se aplicará a todos os graduados directamente. Agradece tamén aos membros do seu sector polos votos recibidos na elección de representante ao Tribunal de Garantías.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen explica que, diante das reclamacións presentadas inicialmente por responsabilidade patrimonial, as cantidades solicitadas non eran as mesmas en todos os casos e, tras abrirse os correspondentes expedientes, remitíronse ao Consello Consultivo, como indica a normativa. Na meirande parte dos casos o Consello inhibiuse, porque o importe era inferior ao establecido para que emita informe, pero para os outros fixo unha estimación de compensación económica que foi o que aplicamos a todos os reclamantes. Unha vez esta decisión foi coñecida, outras persoas presentaron reclamacións, xa fóra de prazo. Polo tanto, unha vez emitida a sentenza, aboarase a correspondente cantidade a aqueles que o soliciten e estean nunha situación equivalente.

Intervén finalmente o Sr. Álvarez Moreira, quen dá lectura a unha longa relación de cuestións (**Anexo VI**), fundamentalmente relacionadas coa obrigatoriedade da asistencia á clase e a avaliación continua do estudantado. Solicita que conste en acta que non se contestou as súas cuestións anteriores. Finaliza lembrando a obrigatoriedade de que a Universidade dispoña dunha normativa de avaliación.

Responde o reitor que serán contestadas as súas cuestións por escrito.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:15 h do día 12 de decembro de 2016, da que eu como secretaria xeral dou fe, co vº. e pr. do reitor.

O reitor

A secretaria xeral

Salustiano Mato de la Iglesia

Gloria Mª Pena Uris